Coronavirus
COVID-19

# PROTOCOLO
## ESPECIAL COVID-19
# INTERNADO
# C.E.E. TERRA DE FERROL

O presente protocolo fundamentase nas diferentes resolucións e órdenes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia onde se determinan as instrucións e se adoptan medidas de prevención e hixiene para os centros de ensino.

**1.ADMISIÓN ALUMNOS/AS NO INTERNADO.**

Indicarase as familias que non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles co COVID-19 o diagnosticados de COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter tido contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticado de COVID-19.

Para isto, as familias vixiarán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro educativo. Se o alumno/a tivera febre ou síntomas compatibles con COVID-19 non deberá asistir ao centro debendo chamar ao seu centro de saúde ou ao teléfono 900 400 116 e avisando simultaneamente ao centro educativo.

O alumnado que presenta condicións de saúde que os fai máis vulnerables para COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cáncer, inmunodepresión o hipertensión arterial), poderá acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.

Cando un interno inicie síntomas ou estes sexan detectados, avisarase á familia, levarase a un espazo separado, facilitaráselle unha máscara preferentemente cirúrxica ou hixiénica para o alumno/a e outra para a persoa adulta que coide de el/ela ata que cheguen os seus proxenitores ou titores. **E OBRIGATORIO VIR A BUSCAR O ALUMNO/A NO MOMENTO ES QUE PRESENTE ALGUNS DOS SINTOMAS DO COVID-19.** Polo que os pais, nais o tutores legais, deberán estar dispoñibles a través da comunicación telefónica, co obxectivo de recoller o seu fillo ou filla. A recollida será no tempo mais corto posible.

**En ningún caso, o neno/a poderá quedarse no Internado se presenta síntomas compatibles co COVID-19, baixo ningunha circunstancia.**

Os síntomas a ter en conta serán: febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode existir disminución do olfacto e do gusto, calafríos, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos.

## 2.ORGANIZACIÓN DO INTERNADO

Organizaranse as habitacións de forma que os rapaces/as poidan manter a distancia interpersoal. Distribuiranse os alumnos/as en habitacións dobres ou individuais segundo a dimensión da habitación. Nas habitacións as pertenzas dos alumnos/as deberán estar recollidas nos seus respectivos armarios.

Os espazos comúns estarán axeitados para o mantemento da distancia de seguridade Na ocupación espazos que cada grupo de rapaces/as e o seu respectivo coidador/a manterase a distancia interpersoal mínima será de 2 metros. A organización do movemento de persoas, distribución de espazos e disposición dos alumnos/as organizarase para manter distancia interpersoal segura empregando para tal fin espazos do internado e do colexio.

No que se refire ó uso do baños estará limitado a unha simultaneidade non superior a un terzo do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á saída do mesmo. O persoal coidador que acompañe ao alumnado ao aseo deberá portar as proteccións individuais axeitadas. Organizaranse quendas para o aseo persoal tras do cal e antes de que poida ser empregado de novo será desinfectado polo persoal de limpeza asignado.

As quendas de aseo serán organizadas polo educador/a e o persoal coidador e educador serán os encargados de vixiar que se manteña a distancia interpersoal.

Os produtos de aseo de cada interno/a serán de uso individual e atoparanse dentro dun neceser que a poder ser sexa de material plástico que facilite a desinfección. Gardaranse nun lugar onde non poida ser manipulado por outro alumno/a. En xeral o alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus compañeiros. E procurarase un espazo diferenciado para o material de cada alumno de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros.

A distribución dos alumnos /as no comedor faranse de tal forma que permita manter a distancia interpersoal e tras o uso, o espazo e o material empregado será hixienizado

Utilizaranse preferentemente escaleiras. O uso do elevador será limitado ao mínimo e mantendo a distancia de seguridade interpersoal, excepto naqueles casos de persoas que poidan requirir asistencia, nese caso tamén se permitirá o uso do seu acompañante.

En canto os desprazamentos e na entrada e saída dos espazos do internado o persoal coidador/educador velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado evitando aglomeracións.

Estará prohibido entrar en estancias axeas, como habitacións de compañeiros, aseos de coidadores, despacho de educadores ou entrar nas salas de ocio sen a organización previa do persoal encargado da atención dos nenos/as.

**DISTANCIA DE SEGURIDADE**

**DISTANCIA**
**Manter 2 metros de seguridade** e evitar as actividades grupais.

**ESPAZOS REDUCIDOS**
**Evitar coincidir en espazos pequenos** como vestiarios, comedores e zonas de aseos.

## 3. MEDIDAS XERAIS DE HIXIENE E LIMPEZA DO INTERNADO

Nos baños do internado colocarase un dispensador de xel desinfectante, téndose en conta que cando as mans teñen suciedade visible o xel hidroalcohólico non é abondo, e é preciso usar auga e xabón. En todos os baños do internado haberá dispensadores de xabón e papel desbotable para o secado de mans o alumnado deberá lavarse coidadosamente as mans cada vez que faga uso do aseo.

Os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue o secado de mans serán desbotados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, de ser posible, accionados por pedal. Ditas papeleiras deberán ser limpadas de xeito frecuente.

Realizarase unha limpeza e desinfección das instalacións polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso. Prestarase especial atención as zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, mobles, pasamáns, chans, teléfonos, colgadores, e outros elementos de similares características.

Limparanse adecuadamente os aseos en función da intensidade de uso e, polo menos, tres veces ao día.

No caso de que non se poida asegurar unha distancia interpersoal de 2 metros, debe utilizarse máscara preferentemente cirúrxica ou hixiénica, a poder ser reutilizable, na medida do posible, en todos os espazos do colexio/internado sempre que se use correctamente.

O persoal coidador e os educadores/as lembrarán ao alumnado coa frecuencia que se determine a necesidade de hixiene de mans e de evitar tocar a faciana e os ollos.

## HIXIENE E LIMPEZA



**LAVADO DE MANS**
**Facilitar o lavado frecuente das mans** ou o uso de solucións hidroalcohólicas. Lavalas logo de quitar as luvas de seguridade.



**MATERIAL DE LIMPEZA**
**Reforzar** a dispoñibilidade de material de limpeza e hixiene. Dispoñer de contedores con tapa e pedal.



**VÍAS RESPIRATORIAS**
Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.



**OLLOS, NARIZ E BOCA**
**Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.



**LIMPEZA DE ESPAZOS**
Limpar **frecuentemente** espazos de uso común, utensilios de traballo e maquinaria.



**COMIDA**
**Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros obxectos.

## 4.USO DE ESPAZOS E MATERIAIS

Os espazos onde se desenrolen actividades cos alumnos/as do internado disporán un dispensador de xel desinfectante e estarán desinfectados así mesmo tralo seu uso o persoal de limpeza procederá á súa hixenización. Os espazos empregados reduciran o seu aforo para manter a distancia interpersoal

Non se poderá usar material compartido sen a previa desinfección do mesmo

Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique un uso compartido mentres dure a situación excepcional.

Contarase con produtos para a desinfección dos ordenadores tras o seu uso.

## 5.FAMILIAS

As familias solo poderán entrar ao internado no caso de necesidade ou indicación do educador ou do equipo directivo, cumprindo sempre las medidas de prevención e hixiene.

Recordamos que son as familias as responsables dos nenos/as en caso da presencia de síntomas do COVID-19, polo que recollerán os nenos en canto o Colexio, o Internado ou o servicio de enfermaría se comuniquen con elas. Deberán ter o telefono conectado para posibles chamadas.

Así mesmo e tal como establece a Xunta de Galicia, serán as familias as encargadas de proporcionarlle os nenos o número necesario de mascarillas para pasar toda a semana no internado. **SEN MASCARILLAS NON SE PODERA ACUDIR O MESMO.**

**Estarán exentos do uso das mascarillas as patoloxías determinadas por ley.**



**FEBRE**
**Non ir** o Colexio **con febre** (> 37º) ou síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.

# 6. ASPECTOS ORGANIZATIVOS INTERNADO

## 6.1 MATERIAL MINIMO PARA USO INTERNADO



### EDUCADORES/AS

- Batas ou traxes
- Zocos ou zapatillas
- Mascarillas
- Pantallas protectoras faciais
- Termómetro dixital a distancia
- Liquido hidroalcoholico en recipentes de pulverización para poder asear as superficies

### COIDADORES/AS

- Batas ou traxes
- Zocos ou zapatillas
- Mascarillas
- Pantallas protectoras faciais
- Luvas desbotables

## 6.2 ORGANIZACION SEMANAL

**Organización dos grupos.**

No Internado se formaran grupos burbullas que serán permanentes e que tendrán sempre un coidador/a de referencia. Estos grupos serán nomeados por una cor, para que os nenos e o seu coidador sepan sempre a que burbulla pertencen. En concreto serán os seguintes:

- **Burbulla azul: 4 nenos**
- **Burbulla vermella: 4 nenos**
- **Burbulla amarela: 4 nenos**
- **Burbulla verde: 4 nenos**
- **Burbulla rosa: 4 nenas**
- **Burbulla laranxa: 2 nenos**

Todas as actividades do internado como aseo, actividades de ocio ou recreativas o de calquera índole se fará sempre en relación as burbullas, e éstas terán asignadas o mesmo coidador como mínimo un trimestre.

**LUNS MAÑÁ - CHEGADA Ó INTERNADO**

Os nenos/as pasarán directamente a enfermaría para a súa revisión e toma de temperatura. Non se poderá subir o Internado ata finalizada esta revisión. O abrigo que veña da casa será levado inmediatamente a lavandería para a súa desinfección. Se requirirá as familias un abrigo para o internado que permanecerá no centro de luns a venres e outro que será o que le leven para casa.

**MARTES A VENRES- MAÑÁS**

A organización do internado polas mañás será a seguinte:

<table>
<tr><td rowspan="4">8:00-9:00 H</td><td>DUCHA<br><br>1. Esta farase no lado masculino por burbullas, e dicir, como máximo poderá haber 4 nenos e un coidador no recinto das duchas. Entre o aseo dunha burbulla e a seguinte procederase a limpeza do recinto.<br>2. Esta farase no lado feminino por burbullas, e dicir, como máximo poderá haber 4 nenos e un coidador no recinto das duchas. Entre o aseo dunha burbulla e a seguinte procederase a limpeza do recinto.<br>3. Esta farase no baño adaptado de forma individual, e dicir, como máximo poderá haber 1 neno e un ou dous coidadores no recinto da ducha ou bañeira adaptada. Entre o aseo dun neno e o seguinte procederase a limpeza do recinto.</td></tr>
<tr><td>• Cando os nenos acaben de ducharse se dirixiran a súa habitación para vestirse e arreglar a estancia (facer a cama, colocar o armario, etc).<br>• Permanecerán nela ata que os educadores/as comuniquen que é hora de baixar a almorzar.<br>• Non poderán nin pasear polo internado nin saír hacia outras habitacións ou estancias do internado.</td></tr>
<tr><td>• Antes de baixar a almorzar o educador/a tomará a temperatura dos nenos/as para corroborar que poden acudir o comedor.</td></tr>
<tr><td>• O lado dereito do internado baixará polas escaleiras traseiras, e o lado esquerdo polas escaleiras principais ou ascensor no caso dos nenos/as en cadeira de rodas.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">9:00-9:30 H</td><td>ALMORZO<br><br>• Os nenos sentaranse sempre no mesmo sitio do comedor a unha distancia mínima de 1,5 metros e sempre en relación a súa burbulla e o seu coidador/a de referencia<br>• Non poderán levantarse da mesa, salvo petición expresa e con o consentimento do coidador/a ou do educador/a.<br>• Os nenos/as poderán subir de novo ó internado progresivamente nas súas burbullas para lavar os dentes.<br>• Non poderá subir outra burbulla ata que a anterior finalice a actividade e volva o comedor.</td></tr>
<tr><td>• Finalizada a actividade de cepillado de dentes por todas as burbullas, éstas acompañadas do seu coidador/a de referencia se dirixiran as súas aulas</td></tr>
<tr><td colspan="2">QUEDARÁ PROHIBIDA A ENTRADA Ó COMEDOR NO MOMENTO DO ALMORZO A CALQUER NENO/A QUE NON PERTENZA O INTERNADO</td></tr>
</table>

**LUNES A XOVES- TARDES**

**15:30 H**

**SUBIDA O INTERNADO**

- Dende o lugar onde se ubiquen as burbullas do internado (comedor, sala de dia, sala de xuntas), iran subindo o internado progresivamente acompañadas dos seus coidadores/as.
- Ó chegar o Internado os nenos permanecerán nos seus dormitorios esperando a ser chamados por burbullas para a limpeza de dentes.
- Unha vez terminada esta tarefa os nenos/as permanecerán nas súas habitacións ata aproximadamente as 16:30 horas como momento de descanso.

**16:30-17:30 H**

**OCIO E TEMPO LIBRE**

As actividades de ocio se realizarán tamén por burbullas utilizando sempre que sexa posible espazos o aire libre, como os patios dianteiros e traseiros. Como posibles espazos e o seu aforo temos:

| **PARA DIAS DE SOL** | |
|---|---|
| Patio 1 (fútbol) | 2 burbullas + 2 coidadores/as |
| Patio 2 (columpios) | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Sala informática internado | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala informática colexio | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Sala de día | 2 burbullas + 2 coidadores/as |
| Sala de Xuntas | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Sala play-station | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala televisión internado nenos | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala televisión internado nenas | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Aula valores | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Saídas externas de ocio | 2 burbullas + 2 coidadores/as |

| **PARA DIAS DE CHOIVA** | |
|---|---|
| Sala informática internado | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala informática colexio | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Sala de día | 2 burbullas + 2 coidadores/as |
| Sala de Xuntas | 1 burbulla + 1 coidador/a |
| Sala play-station | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala televisión internado nenos | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Sala televisión internado nenas | 2 nenos/as + 1 coidador/a |
| Aula valores | 1 burbulla + 1 coidador/a |

**17:30-18:00 H**

MERENDA

- Antes de entrar as burbullas lavaranse as mans para poder acudir a tomar a merenda.
- Para merendar as burbullas acudirán o comedor e sentaranse no mesmo lugar que no almorzo.
- A saída dos nenos será por burbullas completas, e será sempre con o seu coidador/a

**18:00-20:15 H**

**OCIO E TEMPO LIBRE** (mesma descrición que o exposto con anterioridade)

| | |
|---|---|
| | |
| **20:15-20:45 H** | **CEA**<br><br>• Antes de entrar as burbullas lavaranse as mans para poder acudir a tomar a cea.<br>• Para cear as burbullas acudiran o comedor e sentaranse no mesmo lugar que no almorzo e a merenda.<br>• A saída dos nenos será por burbullas completas, e será sempre con o seu coidador/a.<br>• A subida o internado será progresivamente, burbulla a burbulla. |
| **20:45-21:30 H** | **SUBIDA O INTERNADO E DESCANSO NOCTURNO**<br><br>• Os nenos/as subiran coa súa burbulla e o seu coidador/a hacia as súas habitacións.<br>• Esperarán nas mesmas para ser chamados por burbullas para lavar os dentes.<br>• Una vez finalizada a actividade, poñeranse o pixama e tendrán tempo de lecer na súa habitación ata aproximadamente as 21:30, hora nas que se apagarán as luces para durmir.<br>• Esta totalmente prohibido pasear polo internado o cambiar de habitación. |

**VENRES - DESPEDIDA DO INTERNADO**

A saída do venres farase de forma escalonada según a chegada dos diversos transportes encargados de levar os nenos/as os seus respectivos fogares ou centros de referencia.



Coronavirus
COVID-19

# BURBULLAS

## BURBULLA AZUL



## BURBULLA VERMELLA



## BURBULLA AMARELA



## BURBULLA VERDE



## BURBULLA ROSA



## BURBULLA LARANXA

